

GUÍA PRÁCTICA DE CONSULTAS AO MERCADO 4.0

Reinventando as
consultas ao mercado

Código
100

XUNTA DE GALICIA



EDITA
**XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
AXENCIA DE COÑECEMENTO EN SAÚDE**

LUGAR
SANTIAGO DE COMPOSTELA

ANO
2019

DESEÑO E IMPRESIÓN
TÓRCULO COMUNICACIÓN GRÁFICA, S. A.

DEPÓSITO LEGAL
C 2333-2019

GUÍA PRÁCTICA DE CONSULTAS AO MERCADO

4.0

Reinventando as
consultas ao mercado

Código
100



ÍNDICE

MOTIVACIÓN E ESTRUTURA DA GUÍA

7

Parte I

QUE SON AS CONSULTAS PRELIMINARES AO MERCADO?

9


1	UNHA NOVA ERA NA CONTRATACIÓN PÚBLICA E NAS POLÍTICAS DE INNOVACIÓN	9
2	QUE SON AS CONSULTAS AO MERCADO?	10
3	QUE MARCO XURÍDICO AS REGULA?	10
4	QUE FASES SE DEBEN SEGUIR PARA ELABORAR UNHA CONSULTA AO MERCADO?	11
5	CANTO TEMPO DURAN?	12
6	QUEN PARTICIPA?	13
7	QUE BENEFICIOS ACHEGAN?	13

Parte II

COMO SE REALIZA UNHA CONSULTA PRELIMINAR AO MERCADO?

15

8	PASO A PASO DUNHA CONSULTA PRELIMINAR AO MERCADO	15
8.1	ETAPA DE PREPARACIÓN	15
8.1.1	Paso 1. Constituir un equipo de traballo	16
8.1.2	Paso 2. Preparación da documentación	17
8.1.3	Paso 3. Plans de acción xeral e específico	20
8.1.4	Paso 4. Vixilancia tecnolóxica inicial	22
8.2	ETAPA DE DESENVOLVEMENTO	23
8.2.1	Paso 5. Lanzamento de convocatoria	24
8.2.2	Paso 6. Xornadas e obradoiros coa oferta tecnolóxica e usuarios	25
8.2.3	Paso 7. Recollida de solucións innovadoras	28
8.2.4	Paso 8. Profundar vixilancia tecnolóxica	29
8.2.5	Paso 9. Avaliación de solucións innovadoras	60
8.3	ETAPA DE PECHE	31
8.3.1	Paso 10. Elaboración do informe de peche de consultas ao mercado	31
8.3.2	Paso 11. Presentación dos resultados das consultas ao mercado	32
8.3.3	Paso 12. Elaboración de documentación para favorecer a colaboración	34
8.3.4	Paso 13. Presentación das futuras contratacións	35
8.3.5	Paso 14. Retroalimentación do proceso	37



Parte III	
ANEXOS	43
Anexo 1	
METODOLOXÍA RACI (Responsible, Accountable, Consulted and Informed)	44
Anexo 2	
Documento tipo	
FICHA DE NECESIDADE PRELIMINAR	46
Anexo 3	
Documento tipo	
FORMULARIO DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN	47
Anexo 4	
MODELO DO PLAN DE ACCIÓN XERAL	49
Anexo 5	
ÍNDICE DO INFORME DE VIXILANCIA TECNOLÓXICA	51
Anexo 6	
Modelo de difusión nas redes sociais	
PRESENTACIÓN DE CONSULTAS AO MERCADO	51
Anexo 7	
Orde do día da xornada	
DIFUSIÓN DE CONSULTAS AO MERCADO CÓDIGO 100	52
Anexo 8	
Orde do día da xornada	
MESA REDONDA CON EXPERTOS	53
Anexo 9	
EXEMPLO DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN A TRAVÉS DE PLATAFORMA WEB	54
Anexo 10	
FICHA DE EXPERTO INTERNACIONAL	57
Anexo 11	
MATRIZ DE AVALIACIÓN DE SOLUCIÓNS INNOVADORAS	58
Anexo 12	
ÍNDICE DE INFORME DE PECHE DE CONSULTAS AO MERCADO	59
Anexo 13	
Documento tipo	
ÍNDICE FICHA DE AVANCE	59
Anexo 14	
Documento tipo	
CAMPOS A CUBRIR NUN MAPA DE DEMANDA TEMPERÁ	60
Anexo 15	
Documento tipo	
ÍNDICE DOCUMENTO PRESENTACIÓN DE RESULTADOS	60
Anexo 16	
Documento tipo	
FOLLA DE RECOLLIDA DE INFORMACIÓN	61
Anexo 17	
Orden do día	
XORNADA DE PRESENTACIÓN DE LICITACIÓNS CÓDIGO 100	63
Anexo 18	
FORMULARIO DE ENQUISA A ASOCIACIÓNS NO PROXECTO CÓDIGO 100	65



MOTIVACIÓN E ESTRUTURA DA GUÍA

A presente *Guía práctica de consultas ao mercado 4.0: reinventando as consultas ao mercado* recolle directrices, recomendacións e boas prácticas acerca das consultas preliminares ao mercado, co obxectivo de transferir a experiencia do Servizo Galego de Saúde a outras entidades públicas, xa que foi a primeira entidade española en realizar unha consulta preliminar ao mercado no marco de Compra Pública de Innovación (CPI) no ano 2012 e nestes anos seguiu innovando e incorporando recomendacións dos axentes participantes.

Esta Guía nace coa misión de responder a **5 obxectivos clave**, que farán dela un documento básico para todos os axentes involucrados en consultas ao mercado:

- 1 **SER REFERENTE:** Servir de referencia a entidades públicas menos experimentadas, en canto á realización de consultas ao mercado, dando unha visión desde un enfoque holístico, tanto teórico coma práctico.
- 2 **RESOLVER DÚBIDAS:** Axudar a todas aquelas entidades que estean proxectando participar nunha consulta ao mercado, pero que non saben cales son os pasos a seguir, ofrecéndolles un itinerario sinxelo de consultas ao mercado paso a paso.
- 3 **SER INSUMO PARA OUTRAS GUÍAS:** Servir de insumo para a elaboración doutras guías ou informes de consultas ao mercado, onde se publiquen os diferentes resultados obtidos dunha forma clara, respectando os principios de igualdade, transparencia e libre competencia detallados no art. 132, da nova Lei de Contratos do Sector Público Lei 9/2017, de 8 novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/EU e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, en adiante LCSP.

- 4 **EVIDENCIAR BENEFICIOS:** Expor os beneficios concretos que ofrece un proceso de consultas preliminares ao mercado, para todos os axentes involucrados, buscará presentar as experiencias en primeira persoa.
- 5 **AMOSAR RESULTADOS:** Expor as accións implementadas no proceso de consultas ao mercado no Plan de Innovación Sanitaria Código 100, así como os resultados obtidos.

Para alcanzar estes cinco obxectivos, a Guía estruturouse da seguinte maneira:

Parte I QUE SON AS CONSULTAS AO MERCADO?

Trátase dunha visión máis teórica, onde se explica a orixe das consultas ao mercado: que son, como se regulan, como se instrumentalizan, duración, participantes e os beneficios que reportan.

Parte II COMO SE REALIZA UNHA CONSULTA AO MERCADO?

Trátase dunha visión máis práctica, onde se identifican e describen as actividades das fases da consulta ao mercado, como se deben facer, o tempo estimado de execución, actores que interveñen, tips a ter en conta e a experiencia do Servizo Galego de Saúde a través do proceso de consultas ao mercado do Plan de Innovación Sanitaria Código 100.

No apartado de ferramentas inclúense os documentos tipo que se poden consultar no apartado de Anexos.

En suma, esta Guía pretende ser un documento de apoio para todas aquelas **entidades públicas e privadas**, así como as **persoas físicas**, interesadas en coñecer o funcionamento e a posta en marcha das consultas preliminares ao mercado englobadas no marco da nova Lei de Contratos do Sector Público L9/2017.



Parte I

QUE SON AS CONSULTAS PRELIMINARES AO MERCADO?

1 UNHA NOVA ERA NA CONTRATACIÓN PÚBLICA E NAS POLÍTICAS DE INNOVACIÓN

A contratación pública é un aspecto clave das inversións públicas, xa que estimula o desenvolvemento económico dos países e representa un elemento importante para o impulso dos mercados internos, así como o mercado único.

A contratación pública representa preto dun 19% do PIB da UE, converténdose nun canalizador fundamental de Fondos Estruturais e de Investimento Europeos que conta cun alto impacto na vida cotiá de toda a cidadanía.

É o instrumento empregado polas Administracións para a adquisición de bens e servizos para todos os cidadáns, pero tamén ofrece oportunidades ás empresas, xa que fomenta o investimento privado e contribúe ao crecemento e emprego de cada un dos estados membros.

O gran potencial da contratación pública xera unha oportunidade para actuar sobre a innovación desde o punto de vista da demanda das Administracións Públicas. Ata hai uns anos, a tendencia das políticas deseñadas para o fomento da I+D+i orientábase á utilización de instrumentos que actuaban sobre a oferta (políticas de oferta). Non obstante, a intervención pública sobre a innovación desde a demanda (políticas de demanda) comeza a definir un novo modelo de intervención, onde as Administracións Públicas utilizan as oportunidades da contratación pública para impulsar a innovación nos seus ámbitos de actuación, mellorando así a competitividade do seu tecido produtivo.

Dentro destas políticas para o fomento da innovación desde a demanda, está enmarcada a Compra Pública de Innovación (CPI), sendo este un procedemento administrativo de contratación, co cal se poden satisfacer aquelas necesidades para as cales non existe unha solución comercializada. A CPI pretende salvar o baleiro existente entre os procesos, a tecnoloxía de vangarda e os clientes ou usuarios do sector público que se poden beneficiar deles.

A Estratexia Europa 2020, deu un papel clave á contratación pública, a través da cuarta xeración de Directivas 2014, e agora faino coa nova Lei de Contratos do Sector Público, en adiante LCSP, publicada o 9 de novembro de 2017, onde se incorporan as directivas do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014, en adiante 2014/23/UE, relativa á adxudicación de contratos de concesión e directiva 2014/24/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de febreiro de 2014, en adiante 2014/14/UE, sobre contratación pública que deroga a directiva 2004/18/CE, elaborando así un único texto legal.

A nova LCSP é «*unha lei para unha nova era*», na que «*a contratación pública desenvolve un papel clave, xa que se configura como un dos instrumentos baseados no mercado interior que deben ser utilizados para conseguir un crecemento intelixente, sostenible e integrador, garantindo ao mesmo tempo un uso con maior racionalidade económica dos fondos públicos*».

Esta lei pretende potenciar a integridade, os aspectos sociais, medioambientais e innovadores, así como a participación das PEMES na contratación pública.

Neste novo marco normativo e estratéxico, paga a pena destacar o concepto de **consultas preliminares ao mercado**, o cal non debe ser asociado directamente con contratos de CPI, senón considerado como unha «*boa práctica*» a realizar en calquera tipo de contratación. Se ben é certo que no ámbito da CPI se converte nunha práctica imprescindible.

2 QUE SON AS CONSULTAS AO MERCADO?

As consultas preliminares ao mercado son unha **herramienta ou práctica** de retroalimentación, que se desenvolve durante a fase preparatoria do contrato (fase precontractual), onde as entidades públicas contratantes realizan as **consultas coa finalidade**

de obter información sobre a capacidade do mercado, o estado da tecnoloxía e informar os operadores económicos sobre os proxectos e requisitos das futuras contratacións. O obxectivo principal é **obter información do mercado** con vistas a unha contratación posterior e informar os potenciais provedores sobre as necesidades da entidade pública.

Ata agora eran os operadores económicos os que determinaban cal era a solución ás necesidades das entidades públicas. O novo modelo transforma os **operadores económicos en axentes activos** que colaboran na definición das solucións para as necesidades actuais.

Para mobilizar o mercado é necesario coñecer o estado de evolución deste en canto ás necesidades que se pretenden satisfacer. Así pois, as **consultas ao mercado pretenden a definición da solución a través da necesidade**. O obxectivo principal, por tanto, é converter os potenciais provedores en axentes activos que colaboren na definición das solucións para as necesidades actuais da Administración Pública.

O diálogo co mercado parte das necesidades que pretende satisfacer a entidade contratante, que deben ter sido identificadas con carácter previo. Unha vez conclúa, analizarase se as necesidades poden ser satisfeitas e se existen suficientes provedores para xerar unha competencia efectiva; realizarase a publicación dun documento que resuma os resultados obtidos e a depuración da necesidade coas achegas dos participantes na consulta ao mercado. Concluído este proceso, iníciase o procedemento de licitación pertinente.

3 QUE MARCO XURÍDICO AS REGULA?

A innovación converteuse nun dos obxectivos principais da UE. No considerando 95 da Directiva

2014/24/UE recóllese que «*resulta de capital importancia aproveitar plenamente as posibilidades que ofrece a contratación pública para impulsar a innovación*».

Neste sentido, a compra pública tradicional está nun momento de cambio substancial e a iso contribúe a regulación de mecanismos de estímulo da demanda por parte do sector público como é a CPI.

Neste contexto, nas **compras públicas de innovación complexas** faise imprescindible recorrer ás «consultas preliminares do mercado» para deseñar e preparar a contratación, dado que o principal problema radica habitualmente na indefinición do obxecto do contrato e en que o ritmo de adaptación á innovación dos compradores públicos pode ser baixo en relación coa oferta real do mercado.

Coa nova LCSP, onde se incorporan Directivas 2014/23/UE e 2014/24/UE, ábrese unha fiestra de oportunidade para darlle unha visión estratéxica ás compras públicas empregando as consultas ao mercado «*coa finalidade de preparar correctamente a licitación e informar aos operadores económicos acerca dos plans de contratación do órgano correspondente e dos requisitos que esixirá para concorrer ao procedemento*».

Os principais aspectos relacionados coas consultas ao mercado quedan recollidos en dous artigos da LCSP:

- **Artigo 115**, onde se indica que se debe recoller a información pertinente e publicala, existindo un prazo suficiente para presentar propostas. Da mesma forma, débese publicar no perfil do contratante cando se fará a consulta e quen son os expertos externos, publicando as razóns polas que foron seleccionados. Os poderes adxudicadores do procedemento de contratación, sempre que tal asesoramento non teña por efecto

falsear a competencia e non dea lugar a vulneracións dos principios de non discriminación e transparencia.

- **Artigo 70**, onde se sinala que os pregos se deben elaborar tendo en conta os resultados das consultas ao mercado.

Cobra especial importancia garantir o **principio de transparencia**, ao que se refire o artigo 132 da LCSP. Este principio ten por obxecto garantir que non exista risco de favoritismo e arbitrariedade por parte da entidade adxudicadora. Este esixe que todas as condicións e modalidades do procedemento de licitación estean formuladas de forma clara, precisa e inequívoca no anuncio de licitación ou no prego de condicións.

O principio de transparencia proxéctase sobre as consultas preliminares do mercado, como mecanismo a través de cuxo resultado se promove a claridade, precisión e univocidade das determinacións da futura licitación. Isto lógrase, principalmente, a través da publicidade da consulta e a dos seus resultados, predeterminando na lei o contido mínimo do que ha de ser obxecto de publicidade e a incorporación do informe de resultado dentro do expediente de contratación, con reserva sempre do **principio de confidencialidade**, do que se fala no artigo 133 da Lei.

4 QUE FASES SE DEBEN SEGUIR PARA ELABORAR UNHA CONSULTA AO MERCADO?

De maneira teórica e seguindo a *Guía para autoridades sobre a contratación pública de innovación*¹,

¹ *Guía para autoridades públicas sobre a contratación pública de innovación* (publicada en 2014 e traducida en xaneiro de 2015). Disponible versión web en: <http://www.contratosdelsectorepublico.es/DocumentosWEB/16.%20New%20LCSP/PPI-Platform-Guide-ES-Compra%20pública%20innovadora.pdf>.

editada pola Comisión Europea, identifícanse 3 grandes fases para proceso de consultas ao mercado:

- **Fase 1, Decidir o ámbito da consulta:** Nesta fase, a entidade contratante deberá identificar as áreas de atención e as **necesidades específicas** dos usuarios, así como as innovacións potenciais necesarias para satisfacelas. Unha vez seleccionada a área de atención, analizará o mercado para determinar a que niveis se debe dirixir (fabricantes, provedores de servizos, subcontratistas, integradores de sistemas, investigadores, terceiro sector, etc.).
- **Fase 2, Escoller o formato e o plan para implicar o mercado:** A entidade contratante deberá valorar o uso de cuestionarios, formularios, xornadas, entrevistas e reunións (telefónicas, en liña ou presenciais) que aplicará en cada caso. Indicará con claridade os prazos e os recursos necesarios para que a consulta funcione e preparará os documentos que se deben distribuír como parte da consulta.
- **Fase 3, Consultar e obter información:** Nesta fase, publicará un anuncio de información previa

e publicitará a consulta. Será especialmente coadunada con conservar o arquivo de seguimento da consulta, preparar un resumo dos resultados, garantindo en todo momento a confidencialidade da información facilitada e evitando a distorsión da competencia.


É importante destacar que, en ningún caso, durante o proceso de consultas ao mercado, o órgano de contratación poderá revelar aos participantes as solucións propostas polos outros participantes. Ademais, durante este proceso resulta imperativo respectar os **principios xerais de libre concorrencia, igualdade, non discriminación e transparencia**.

5 CANTO TEMPO DURAN?

O tempo estimado de desenvolvemento dun proceso de consultas preliminares ao mercado varía en función do alcance do proxecto, podendo ser desde unhas semanas a varios meses. Así mesmo, poden darse varias roldas de consultas preliminares ao mercado, con diferentes formatos e canles a medida que se vai profundando na problemática a resolver.

ILUSTRACIÓN 1. FASES DUNHA CONSULTA AO MERCADO

FONTE: GUÍA PARA AUTORIDADES SOBRE A CONTRATACIÓN PÚBLICA DE INNOVACIÓN. DISEÑO EDITADO






ILUSTRACIÓN 2. PARTICIPANTES NUNHA CONSULTA AO MERCADO

FONTE: ELABORACIÓN PROPIA

6 QUEN PARTICIPA?

A convocatoria debe ser completamente aberta, dirixida a todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que teñan vontade de participar, é importante non limitar a consulta unicamente ao sector do problema.

7 QUE BENEFICIOS ACHEGAN?

As consultas ao mercado ofrecen a oportunidade de encontrar novas solucións de alto valor engadido facendo que múltiples axentes (cidadáns, AAPP, empresas, universidades, centros tecnolóxicos e de I+D, etc.), interactúen dunha nova maneira nun escenario

de innovación aberta. A gran vantaxe é que todos os axentes que participan obteñen beneficios.

Que beneficios achega realizar consultas ao mercado ás Administracións?

- As consultas achegan coñecemento do mercado e, en concreto, do estado de tecnoloxías, ciencias ou experiencias das que se carece a nivel interno.
- Supoñen aproveitar o potencial innovador dos provedores e doado acceso a empresas innovadoras, especialmente PEMES.
- Axudan na potenciación de solucións con alto grao de innovación coa que se repercute na mellora dos servizos públicos.

- Permiten enfocar a realización dos pregos técnicos en ámbitos nos que non existe claridade e adaptar a solvencia técnica ás condicións do mercado para garantir a concorrència na fase de licitación.
- Favorece a interrelación e colaboración entre os axentes do ecosistema de innovación (empresas, centros de investigación tecnolóxica e de innovación, universidades, axencias de desenvolvemento, etc.) para a presentación de ofertas conxuntas que respondan mellor ás necesidades da Administración.
- Achegamento ás necesidades dos usuarios, o que permitirá dispor de información valiosa para formular as súas propostas innovadoras.
- Explorar unha nova fonte de oportunidades de financiamento da I+D+i para aquelas ideas ou desenvolvementos que queiran levar ao mercado.

Se ben as consultas ao mercado supoñen un gran beneficio para todos os axentes, obsérvanse certas reticencias ou inhibidores que limitan a súa utilización, xa que no fondo se trata dun cambio de paradigma na relación Administración-oferta tecnolóxica que supón cambiar o chip, tanto no sector público, coma na oferta tecnolóxica para pasar a un escenario de colaboración e confianza nun contorno de innovación aberta.

Que beneficios achega a participación nun proceso de consultas ao mercado para as entidades de oferta tecnolóxica?

No caso das entidades de oferta tecnolóxica que están dispostas a compartir o seu coñecemento, a participación nun proceso de consultas preliminares ao mercado achegaralles un gran coñecemento das problemáticas e necesidades da Administración pública que se traducirá en:

- Maior coñecemento das necesidades da Administración e as futuras tendencias, o que as posiciona nunha mellor situación para presentar unha mellor oferta de valor na fase contractual.
- Ter a capacidade de inferir nos plans funcionais das futuras contratacións asociadas ao proceso de consulta ao mercado.
- Identificar sinerxias con outras entidades participantes no proceso de consulta ao mercado, que pode transcender a futuros proxectos.

Que inconvenientes do proceso de licitación evitan as consultas ao mercado?

Un proceso de consultas preliminares axuda na definición das especificacións do ben ou servizo a contratar, polo que se evitan especificacións funcionais ausentes de claridade que derivan nunha mala execución dunha contratación. Por outro lado, tamén axuda a evitar definir unha solvencia que restrinja a competencia ou non facilite a concorrència durante a licitación. Evitarán criterios de adxudicación que non primen a oferta con mellor relación calidade-precio e, se atendemos ás entidades participantes, evitan que as empresas dispoñan de prazos reducidos para preparar as súas ofertas, xa que se poden empezar a preparar con anticipación, o cal redundará nunha mellor proposta para o comprador público.



Parte II

COMO SE REALIZA UNHA CONSULTA PRELIMINAR AO MERCADO?

8 PASO A PASO DUNHA CONSULTA PRELIMINAR AO MERCADO

Despois dunha visión máis xeral das consultas preliminares ao mercado, no presente apartado dáse unha visión práctica de como desenvolver este proceso. Formúlase como unha ferramenta de apoio, polo que se elaborou nun formato de paso a paso do proceso e as actividades realizadas en cada etapa, baseadas na experiencia empírica.

Para a elaboración do paso a paso do proceso designáronse tres etapas clave: **ETAPA DE PREPARACIÓN**, **ETAPA DE DESENVOLVEMENTO** e **ETAPA DE PECHE**.

Seguindo a estrutura da Guía para autoridades sobre a Contratación Pública de Innovación da Comisión Europea, a etapa de preparación formulada no presente documento estaría comprendida dentro das fases 1 e 2 da Guía da Comisión Europea, e as etapas de desenvolvemento e peche corresponderían á fase 3.

ETAPAS E PASOS DUNHA CONSULTA PRELIMINAR AO MERCADO

Etapa de preparación (pág. 16)

- Paso 1** Constituír un equipo de traballo
- Paso 2** Preparación da documentación
- Paso 3** Plans de acción xeneral e específico
- Paso 4** Vixilancia tecnolóxica inicial

Etapa de desenvolvemento (pág. 23)

- Paso 5** Lanzamento de convocatoria
- Paso 6** Xornadas e obradoiros coa oferta tecnolóxica e usuarios
- Paso 7** Recollida de solucións innovadoras
- Paso 8** Profundar vixilancia tecnolóxica
- Paso 9** Avaliación de solucións innovadoras

Etapa de peche (pág. 31)

- Paso 10** Elaboración do informe de peche de consultas ao mercado
- Paso 11** Presentación dos resultados das consultas ao mercado
- Paso 12** Elaboración de documentación para favorecer a colaboración
- Paso 13** Presentación das futuras contratacións
- Paso 14** Retroalimentación do proceso

ETAPA DE PREPARACIÓN

8.1

Etapa de preparación

A De que se trata?

Fase na cal se establece a folla de ruta para a elaboración da consulta preliminar ao mercado.

B Como se fai?

Para desenvolver a etapa de preparación identifícanse 4 pasos:

- Paso 1: Constitución do equipo de traballo.
- Paso 2: Preparación da documentación necesaria para a consulta preliminar ao mercado.
- Paso 3: Definición de plans de acción xerais e específicos para a difusión da consulta preliminar ao mercado.
- Paso 4: Realizar a vixilancia tecnolóxica inicial.

C Cuanto tempo debería empregar?

Para realizar as actividades identificadas na etapa de preparación, estímase que se necesitarán arredor de sete semanas.

8.1.1

Paso 1. Constituír un equipo de traballo

A De que se trata?

Para o desenvolvemento da consulta preliminar ao mercado, deberase traballar de maneira colaborativa entre áreas clave. É por isto que se considera fundamental formar un grupo de traballo multidisciplinar, considérase que como mínimo deberían estar involucrados os seguintes perfís:

- Perfil de contratación.
- Perfil xurídico.
- Perfil de innovación.

- Perfís técnicos internos e externos.

B Como se fai?

- Identificar as áreas clave que deben participar no proxecto, e seleccionar unha persoa de cada unha delas, tendo en conta sempre os obxectivos finais.
- Convocar unha reunión na que se explique o proxecto, os obxectivos finais e o obxectivo a alcanzar coa consulta ao mercado, así como o agardado de cada unha das áreas.

C ¿Canto tempo debería empregar?

- Para a identificación das persoas, e a contextualización da consulta ao mercado, deberíanse empregar como máximo 2 semanas.

D Que actores deben intervir?

- Perfís directivos da entidade encargada do proxecto.
- Pódense incluír persoas externas á entidade que acheguen a visión dos usuarios ou cidadáns (asociacións de cidadáns, pacientes, etc.).
- Tal e como se indica no artigo 115 da LCSP, poderase solicitar ou aceptar o asesoramento de expertos ou autoridades independentes, ou de participantes no mercado, que se poderá utilizar na planificación e o desenvolvemento do procedemento de contratación, sempre que ese asesoramento non teña por efecto falsear a competencia e non dea lugar a vulneracións dos principios de non discriminación e transparencia.

E Tips a ter en conta para esta actividade

- Conseguir a implicación dunha persoa con peso dentro da entidade pública e que actúe como promotor.




ILUSTRACIÓN 3. APOIO EXPERTO. OFICINA DE CONSULTAS AO MERCADO

FONTE: ELABORACIÓN PROPIA

- Tentar conseguir a continuidade do equipo durante todo o proceso.
- Asegurarse de que todos os membros do equipo teñen a información de todo o proceso e claros os obxectivos a conseguir.
- Pedir apoio a expertos externos que poidan acompañar no proceso, e que poidan axudar ao equipo.

F Ferramentas

- Ver anexo 1. Metodoloxía RACI (Responsible, Accountable, Consulted and Informed)

G Como se fixo en Código 100?

En Código 100 creouse un equipo de traballo para cada unha das liñas de actuación, co director executivo e funcional de cada unha das liñas. Da mesma

maneira, contouse cun apoio experto por parte dunha oficina de consultas ao mercado que coordinaba á súa vez as tres liñas. Como se verá máis adiante, no paso 3, en Código 100 creouse un plan de acción xeral e plans de acción específicos por cada unha das liñas de actuación. A oficina de consultas ao mercado axudou a coordinar tanto o plan de acción xeral, coma os plans de acción específicos e o equipo.

Para a liña de acción de empoderamento de pacientes, nunha fase inicial contouse coas asociacións de pacientes que traballaron man a man co equipo de traballo, para definir as necesidades.

Na liña de xestión de profesionais, contouse co apoio de expertos a través da oficina de consultas ao mercado, organizando diferentes obradoiros para a concreción de temáticas.

ETAPA DE PREPARACIÓN

8.1.2

Paso 2. Preparación da documentación

A De que se trata?

Elaboración de formatos e documentos estandarizados para o proceso. Co ánimo de facilitar a recollida de información e a participación de axentes do proceso de consultas ao mercado débense xerar uns estándares a empregar.

B Como se fai?

Elaboración conxunta por parte do equipo de traballo dos seguintes documentos:

- **Documento de convocatoria:** documento que recolla os aspectos da consulta ao mercado, os prazos, requisitos de participación, condicións de propiedade intelectual e industrial das ideas.
- **Ficha de necesidade preliminar:** trátase dun documento que resume a identificación da problemática sobre a que solicitan propostas de solucións innovadoras e que permite entender aos proponentes a situación actual e a ideal en cada ámbito de actuación.
- **Fichas de recollida de solucións innovadoras:** elaborar un documento ou formulario para recoller as propostas innovadoras daqueles axentes que participen na consulta. No formulario débese incluír nome da proposta, acrónimo, entidade, datos de contacto, resumo do proxecto, duración estimada para a execución da proposta, beneficios de implementar as propostas xerais e específicas (usuarios), elementos innovadores da proposta, regulación asociada etc. O obxectivo deste documento é o de recoller a maior información posible dunha maneira uniforme para todos os participantes.
 - ◊ De maneira alternativa á recollida a través dun documento tipo ficha, e co obxectivo de facilitar o proceso de recepción e avaliación das

propostas, así como pór en valor os principios de libre concorrência, igualdade, non discriminación e transparencia, propónse desenvolver unha canle aberta a través dunha **plataforma web** na que os usuarios se deban rexistrar. Desde a plataforma poderán cubrir un formulario cos campos correspondentes. Esta ferramenta favorece o feedback aos participantes, xa que se lle comunica en cada momento en que situación está a súa proposta.

- ◊ Instaurar un **procedemento de avaliación** das ideas, que se aplicará durante a execución das consultas ao mercado e identificará as persoas que deben formar parte do Comité de Avaliación das Solucións Innovadoras. Comunicar o procedemento de avaliación e a circulación da información durante a fase de execución da consulta ao mercado.

- **FAQ's:** documento onde se recollan de maneira ordenada as preguntas e respostas consideradas frecuentes e recorrentes dentro da materia, co obxectivo de resolver certas cuestións básicas da forma máis operativa posible e evitar que as empresas non participen no proceso por medo ou dúbidas non resoltas.

C Canto tempo debería empregar?

- Para a elaboración da documentación estandarizada relativa á consulta ao mercado serán necesarias 2 semanas.

D Que actores deben intervir?

- Equipo de traballo.

E Tips a ter en conta para esta actividade

- Non incluír un orzamento máximo para dar liberdade aos proponentes e non condicionar o alcance das súas ideas ou propostas.

- Dar difusión aos diferentes documentos xerados e xornadas e obradoiros a través das redes sociais, medios especializados, medios de comunicación etc.
- A ficha de necesidades é de suma importancia, débese prestar a suficiente atención a este documento e non dar cuestións por supostas, que parecen evidentes dentro da organización pero que poden non selo para axentes que carecen de tal coñecemento.
- Para que o proceso de recolección e avaliación resulte máis sinxelo e transparente propónse a posta en marcha dunha ferramenta dixital para a recompilación das solucións innovadoras.
- Na definición da composición do Comité de Avaliación, incluír expertos externos se se considera necesario. Estipular desde un inicio estudos de avaliación.
- No documento de FAQ's as respostas deben ser breves e concisas, en caso de ser un documento extenso aconséllase agrupalas por bloques temáticos.

F Ferramentas

- Anexo 2. Documento tipo. Ficha de necesidade preliminar.
- Anexo 3. Documento tipo. Formulario de recollida de información.

G Como se fixo en Código 100?

No proxecto Código 100, elaborouse unha **ficha resumo de necesidades** para cada unha das 3 liñas de actuación do proxecto (empoderamento de pacientes, profesionais e terapias avanzadas).

Nelas resumíase a identificación da problemática sobre a que solicitaba propostas de solucións innovadoras e que permitise entender aos propoñentes a situación actual e a ideal en cada ámbito de actuación.

Elaborouse un modelo de ficha para recoller as propostas innovadoras daqueles axentes que quixesen participar na consulta de maneira estandarizada. A



O Plan Innovación Sanitaria **Código 100**, busca converter Galicia nunha rexión de referencia en innovación en envellecemento activo, unha rexión onde se poida vivir con calidade 100 anos e onde o sistema de saúde innove para responder aos desafíos que formula unha sociedade cada vez máis envellecida.



EMPODERAMIENTO DE PACENTES

Proxectos destinados a fortalecer os dereitos e as capacidades das persoas.



TERAPIAS

Desenvolvementos no campo biotecnolóxico e biomédico.



XESTIÓN DE PROFESIONAIS

Iniciativas que incrementen as competencias dos profesionais, modernicen o sistema e fomenten unha cultura innovadora.

ETAPA DE PREPARACIÓN



ILUSTRACIÓN 4. PUNTOS CLAVE DE LA PLATAFORMA

FUENTE: ELABORACIÓN PROPIA

recollida de solucións innovadoras implementouse a través **dunha ferramenta dixital** que facilitou o proceso de recollida e mellorou a transparencia e concorrencia.

A plataforma foi desenvolvida baixo código aberto, ca- paz de xestionar a captura dixital de iniciativas vía web e xestionar a través dunha interfaz de back office o fluxo de revisión e valoración da información recibida.

Co obxectivo de solventar posibles dúbidas e resolver certas cuestións da maneira máis operativa elaborouse un documento de FAQ's onde se recolleu unha listaxe de preguntas e respostas consideradas frecuentes e recorrentes dentro da materia.

8.1.3

Paso 3. Plans de acción xeral e específico

A De que trata?

Elaboración dun documento que sirva de Guía en todo o proceso de consultas ao mercado, e brinde unha estrutura para o desenvolvemento deste. Nel

determináanse tarefas, prazos e recursos para a implementación das iniciativas.

B Como se fai?

- Definir un **plan de acción xeral** para as consultas ao mercado, onde se prioricen as iniciativas máis importantes para lograr os obxectivos. O plan de acción xeral ten que ser unha Guía que brinde unha estrutura á hora de realizar as consultas. Debe incluír como campos: ámbito da consulta, público obxectivo, canles a empregar para a difusión en función dos perfís do público obxectivo, ferramentas e mecanismos a utilizar.
- Definir **plans de acción específicos**, en caso de que o proxecto dispoña de diversas liñas de actuación, aconséllase crear plans de acción específicos por cada unha delas. Isto axudará a focalizar as necesidades e atendelas de forma máis adecuada. Unha mellor identificación dos axentes da oferta tecnolóxica que deben intervir facilita un achegamento das actuacións de difusión á oferta tecnolóxica.

- Desenvolvemento dun plan de **selección de axentes** para realizar unha correcta identificación dos axentes que deben intervir e configurar así o ecosistema de I+d+i da consulta ao mercado.

C Canto tempo debería empregar?

- Para a elaboración do plan de acción xeral, e o plan de selección de axentes, serán necesarias aproximadamente dúas semanas, algo máis en caso de realizar plans de acción específicos.

D Que actores deben intervir?

- Equipo de traballo.

E Tips a ter en conta para esta actividade

- Ter moi claro o grao de definición da necesidade identificada.
 - ◊ ◊ En caso de que a necesidade estea moi definida, o plan de acción débese dirixir cara a accións de difusión e obradoiros de contraste.
 - ◊ ◊ En caso de que a necesidade non estea o suficientemente definida, o plan de acción débese focalizar en obradoiros de co-creación e contraste cos diversos axentes involucrados, como por exemplo el usuario final.
- Débense identificar os axentes que teñen que intervir, pero non se recomenda cerrar a selección destes exclusivamente ao sector no que se encontra a problemática identificada, para estar aberto a innovacións traslacionais que poden prover doutros sectores de actividade.

F Ferramentas

- Anexo 4. Modelo do plan de acción xeral.

G Como se fixo en Código 100?

No proceso de consultas ao mercado do Plan de Innovación sanitaria Código 100 definiuse un plan de acción xeral, e elaboráronse tres plans de acción específicos, un por cada unha das liñas de actuación: **empoderamento de pacientes, terapias, e profesionais**. Para a realización dos plans de acción específicos, foi de grande importancia a correcta **identificación dos axentes de oferta tecnolóxica** participantes na consulta, así como a súa localización, para achegar as actuacións de difusión a esta oferta tecnolóxica.

- **Plan de acción xeral para as consultas ao mercado:** neste plan recolléronse as accións transversais a realizar para as tres liñas: reunións internas, xornadas con oferta tecnolóxica, ferramentas TIC a empregar.
- **Plans de acción específicos para cada liña:** para cada un dos plans focalizáronse as necesidades por liña, o que facilitou que estas se atendesen dunha maneira máis concreta e se realizasen diversas mesas de traballo focalizadas en retos e necesidades.
- Para a **identificación dos axentes** desenvolveuse un plan de selección. Este partiu dun bo coñecemento do contorno e do proxecto, identificando aqueles actores clave afíns ao mesmo. Para dar cos axentes clave, analizáronse aquelas entidades que resultaran beneficiarias de axudas de I+D+i a nivel nacional e internacional nas temáticas relacionadas coa consulta preliminar ao mercado, desenvolveuse una procura de clústers sectoriais, indagación de equipos de investigación en universidades de referencia, asociacións relacionadas cos ámbitos de actuación, xerando unha base de datos nos cales se incluíron; universidades, centros tecnolóxicos, organismos intermedios de Innovación, unidades de I+D Sanitarias, clusteres, centros de investigación básica, centros sectoriais, unidades de I+D empresariais,

ETAPA DE PREPARACIÓN

COÑECEMENTO

Coñecemento do contorno e do proxecto.

RECOMPILACIÓN

Recompilación e agrupación dos actores clave, xerando unha base de datos agrupando por tipoloxía de axente.

PREPARACIÓN

Realización dun mapa dos axentes clave para cada unha das liñas.



PLANS DE ACCIÓN ESPECÍFICOS

Planificación das estratexias específicas para cada unha das liñas. Achegamento aos axentes clave.

IDENTIFICACIÓN

Recompilación da información necesaria para a identificación dos actores clave que estean relacionados de forma directa ou indirecta co proxecto, e as súas tres liñas de actuación.

ANÁLISE

Realizar exercicio de análise da interacción dos diferentes actores clave entre eles, e a importancia da participación de cada un deles para as diferentes liñas de actuación.

ILUSTRACIÓN 5. PASOS INTERMEDIOS PARA LA IDENTIFICACIÓN DE AGENTES

FUENTE: ELABORACIÓN PROPIA

parques tecnolóxicos e centros de empresas e innovación, profesionais do Servizo Galego de Saúde e asociacións de pacientes.

que non existe unha solución xa desenvolta no mercado.

8.1.4

Paso 4. Vixilancia tecnolóxica inicial

A De que se trata?

A vixilancia tecnolóxica é un proceso organizado, selectivo e permanente, de captar información do exterior e da propia organización sobre ciencia e tecnoloxía, seleccionala, analízala, difúndila e comunícala, para convertela en coñecemento co que tomar decisións con menor risco e poder anticiparse aos cambios. Nun proceso de consultas ao mercado, un exercicio de vixilancia tecnolóxica permitirá validar o carácter innovador do proxecto e comprobar

B Como se fai?

- Recompilar información relevante de bases de datos, publicacións, investigacións, informes de tendencias ou información dispoñible en internet. En caso de que se considere necesario solicitar un informe tecnolóxico de patentes.
- Consultar con axentes de investigación ou axentes do ecosistema de emprendemento (start-ups) para analizar os proxectos e investigacións que se están impulsando por parte do sector privado nos ámbitos de traballo do proxecto.
- Realizar un informe onde se recollan todas as conclusións extraídas do proceso, no que se evidencie que actualmente non hai ningunha

solución desenvolta no mercado para dar resposta á necesidade formulada pola entidade.

- O obxectivo do informe debe explicar o seu afán por amosar o estado das tecnoloxías implicadas e existentes, dispoñibles e/ou emerxentes relacionadas coa procura.

C Canto tempo debería empregar?

- Para realizar un exercicio de vixilancia tecnolóxica serán necesarias, como mínimo, 4 semanas.

D Que actores deben intervir?

- Equipo de traballo.
- Expertos especializados en vixilancia tecnolóxica.

E Tips a ter en conta para esta actividade

- Aproveitar a información de fontes abertas ou graútas para o primeiro varrido, existe moita información dispoñible, ademais isto axudará a concretar as necesidades de procura.
- Aproveitar a información xerada de Foros, Congresos ou xornadas técnicas de referencia a nivel internacional no ámbito da consulta polos profesionais técnicos.
- Dependendo da especificidade da necesidade pode resultar necesario contar cos servizos de expertos en realización de informes de vixilancia tecnolóxica a profundidade.

F Ferramentas

- Anexo 5. Modelo de informe de vixilancia tecnolóxica.

G Como se fixo en Código 100?

En Código 100, inicialmente, realizouse una vixilancia tecnolóxica previa ás consultas ao mercado para ver

o estado da arte de diferentes tecnoloxías e as principais tendencias das mesmas, esta vixilancia centrouse en especialidades como neuroloxía, oncoloxía, hematoloxía, cardioloxía, reumatoloxía e dixestivo.

Esa vixilancia tecnolóxica desenvolveuse no marco de Código Camiño <<https://www.zinkinn.es/codigo-camiño>>. Código Camiño foi un Hackathon de Saúde celebrado en 2017, durante tres xornadas (31 de marzo, 1 e 2 de abril) reuníronse 16 profesionais do sector da saúde co obxectivo de elaborar solucións a problemas concretos do Servizo Galego de Saúde, en liña cos eixes abordados no proxecto Código 100. Os participantes distribuíronse en 4 equipos multidisciplinares compostos por membros tanto do ámbito público coma privado, abarcando un amplo espectro profesional que incluía a medicina, enxeñaría, psicoloxía, farmacia, programación informática, etc... Os equipos, apoiados por mentores, os informes de vixilancia tecnolóxica realizados previamente e recoñecidos expertos relacionados co emprendemento e a creatividade científica, maduraron a súa idea inicial para dar viabilidade e forma aos seus proxectos.

Todas as propostas presentadas foron avaliadas para valorar a súa incorporación dentro dos procedementos de Compra Pública de Innovación do Proxecto Código 100.

8.2 Etapa de desenvolvemento

A De que se trata?

Baseándose na etapa de planificación, nesta fase implementaranse as accións programadas no plan de acción xeral e específicos.

B Como se fai?

Dentro da etapa de desenvolvemento foron identificados 5 pasos específicos:

ETAPA DE DESENVOLVEMENTO

- Paso 5. Lanzamento da convocatoria.
- Paso 6. Xornadas e obradoiros coa oferta tecnolóxica e usuarios.
- Paso 7. Recollida de solucións innovadoras.
- Paso 8. Profundar vixilancia tecnolóxica.
- Paso 9. Avaliación de solucións innovadoras.

C Canto tempo debería empregarse?

A etapa de desenvolvemento do proceso de consultas ao mercado depende do alcance do proxecto, podéndose desenvolver nun prazo que vai das catro semanas a varios meses.

8.2.1

Paso 5. Lanzamento de convocatoria

A De que se trata?

Débense difundir ao maior número de axentes da oferta tecnolóxica as intencións da entidade pública, para contribuír ao cumprimento dos principios de transparencia e igualdade de trato. A publicación deberase realizar en medios oficiais e canles máis próximas á oferta tecnolóxica máis innovadora.

B Como se fai?

- Nos plans de acción realizados no paso 2, terase identificado o público obxectivo ao que se quere dirixir. Recoméndase non cerralo exclusivamente ao sector no que se encontra a problemática identificada, para estar aberto a innovacións traslacionais que poden provir doutros sectores de actividade.
- Activar as canles a empregar para a difusión da consulta ao mercado, sendo os mínimos aconsellables: web da entidade pública e RR. SS. concretas do proxecto.

- Recoméndase realizar unha **xornada de lanzamento e difusión** da consulta ao mercado na que participen os técnicos que elaboraron a ficha de necesidades e poidan explicar de primeira man a situación de partida e o que se espera recibir.

◊ Débesse explicar o procedemento a seguir para presentar as solucións innovadoras, e o procedemento de avaliación das propostas que se aplicará durante o proceso das consultas ao mercado, así como se recomenda identificar as persoas que formarán o Comité de Avaliación.

- Se se cre que existe unha oferta tecnolóxica de interese para o proxecto nun determinado lugar ou sector, realizar unha xornada adicional para explicar o obxecto da consulta ao mercado.
- Realizar difusión adicional en prensa e revistas especializadas se se considera que o público obxectivo está máis próximo desas canles.
- Recoméndase participar en eventos dirixidos a start ups ou emprendedores para difundir a consulta ao mercado.

C Canto tempo se debería empregar?

- Para a publicación da consulta ao mercado serán necesarias de dúas a tres semanas, incluíndo a organización da xornada de lanzamento. En caso de que se considere necesario empregar outras canles (prensa, participación en eventos do ecosistema emprendedor, xornadas específicas sectoriais) tomará máis tempo. O tempo aconsellado para manter aberta a consulta ao mercado e recibir propostas estímase, mínimo, en catro semanas.

D Que actores deben intervir?

- Equipo de traballo.

- Departamento de comunicación da entidade pública.
- Oferta tecnolóxica.
- Axentes intermedios: clusteres, cámaras sectoriais, agrupacións empresariais.

E Tips a ter en conta para esta actividade

Empregar unha estratexia de RR. SS. permitirá chegar ao ecosistema innovador de maneira rápida e sen custo.

- Na xornada de lanzamento deben estar as persoas da entidade pública que mellor poden explicar a problemática a solucionar e recoméndase deixar espazo para que as entidades da oferta tecnolóxica poidan facer consultas abertamente.
- Utilizar unha rede de aliados para a difusión: clusteres, agrupacións empresariais ou cámaras para difundir a consulta ao mercado e que chegue ao maior número de empresas, centros tecnolóxicos ou universidades.
- Recoméndase facilitar a conexión a través de streaming durante as xornadas que realices para garantir así unha maior difusión das consultas ao mercado, velando polo principio de transparencia.
- Débese publicar toda a información das xornadas na web da entidade pública para que poida ser consultada por todos os axentes interesados.

F Ferramentas

- Anexo 6. Modelo de difusión redes sociais presentación de consultas ao mercado.
- Anexo 7. Orde do día da xornada de difusión de consultas ao mercado Código 100.

G Como se fixo en Código 100?

No caso de Código 100, unha vez definido o plan de acción xeral e os específicos, procedeuse á publicación oficial da convocatoria de consultas ao mercado a través do Diario Oficial de Galicia, así mesmo, desde a web do Servizo Galego de Saúde publicouse a mencionada convocatoria.



De acordo ao plan de acción xeral realizouse unha **xornada de lanzamento** das consultas ao mercado, que tivo lugar o 6 de abril do 2017 en Santiago de Compostela. Esta xornada tivo como obxectivo activar o proceso de consultas ao mercado e presentar a ferramenta web.

8.2.2

Paso 6. Xornadas e obradoiros coa oferta tecnolóxica e usuarios

A De que se trata?

Co obxectivo de chegar ao máximo de persoas físicas ou xurídicas que poidan estar interesadas en participar no proceso de consultas ao mercado, identificar dunha mellor maneira as necesidades e explicar o proxecto, organizaranse xornadas e obradoiros durante as consultas ao mercado. Todas as xornadas e obradoiros deben ser definidos no plan de acción xeral e estratéxicos.

ETAPA DE DESENVOLVEMENTO

B Como se fai?

- Definir os obxectivos a lograr en cada unha das xornadas ou obradoiros e trazar unha metodoloxía para logralos.
- Ao tratarse de accións concretas, débese realizar un exercicio de concreción na identificación dos axentes a participar.
- Crear unha canle de comunicación coa oferta tecnolóxica e usuarios, onde eles se poidan manter ao tanto dos últimos avances e poidan resolver as posibles dúbidas.

C Canto tempo debería empregar?

- O tempo necesario para a realización das xornadas e obradoiros estará condicionado polo alcance do proxecto, o número de accións que se queiran implementar, os usuarios que se queiran mobilizar, variando desde semanas a meses. O tempo estimado da organización de cada xornada ou obradoiro será de arredor de tres semanas.

D Que actores deben intervir?

- Equipo de traballo.
- Departamento de comunicación da entidade pública.
- Oferta tecnolóxica.
- Axentes intermedios: clusters, cámaras sectoriais, agrupacións empresariais.

E Tips a ter en conta para esta actividade

- Contar con expertos externos e profesionais do sector de estudo nas xornadas e obradoiros.
- Tentar que as xornadas e obradoiros teñan sempre unha parte máis práctica onde a oferta tecnolóxica e usuarios poidan participar, así como un espazo para a resolución de dúbidas.

- Facilitar unha conexión a través de streaming para aquelas persoas que non poidan acudir presencialmente.

F Ferramentas

- Anexo 8. Orde do día xornada mesa redonda con expertos

G Como se fixo en Código 100?

En Código 100 deuse especial importancia a este paso co obxectivo de dar maior cobertura á consulta preliminar ao mercado e xerar espazos de co-creación. De acordo aos plans de acción específicos, para as tres liñas, realizáronse sete actividades entre obradoiros e xornadas que se clasificaron nos seguintes formatos:

- **Accións para captar ideas e coñecemento con usuarios finais.** Con este tipo de accións búscase crear unha canle de comunicación cos usuarios finais a través da cal poder manter un diálogo para compartir as súas necesidades e os seus diferentes puntos de vista. Desta maneira, reafirmase a importancia da súa colaboración coa Administración e entidades para seguir impulsando un sistema sanitario innovador.
- **Asesoramento por parte de expertos externos e profesionais sanitarios.** Buscábase crear un contorno no que poder dialogar con profesionais e expertos que achegasen a súa visión e experiencia, para así poder pór en valor todos os factores posibles.

A continuación, detállanse as xornadas e obradoiros implementados para cada unha das liñas de actuación:

LÍÑA DE EMPODERAMENTO DE PACIENTES

OBRADOIRO DE PRESENTACIÓN DE NECESIDADES INNOVADORAS ASOCIADAS A PACIENTES

Santiago de Compostela, 24 e 27 de abril de 2017.

ETAPA DE DESENVOLVEMENTO

Foron convocadas máis de 80 asociacións de pacientes de diferentes patoloxías co obxectivo de identificar e estruturar as necesidades actuais, para posteriormente poder desenvolver proxectos destinados a fortalecer os dereitos e as capacidades dos pacientes e cuidadores na xestión da súa saúde e autocontrol da enfermidade. Estes obradoiros deron como resultado as fichas de necesidades das asociacións.

OBRADOIRO DE PRESENTACIÓN DE NECESIDADES INNOVADORAS POR PARTE DAS ASOCIACIÓNS DE PACIENTES ÁS EMPRESAS

Santiago de Compostela, 9 de maio de 2017.

Este obradoiro facilitou a presentación por parte das entidades, emprendedores e *startups* interesadas das solucións preliminares ás asociacións de pacientes, para poder así recibir un *feedback* pola súa parte.

XORNADA TÉCNICA E-HEALTH

Santiago de Compostela, 19 de xaneiro de 2018.

Con esta xornada buscábase crear un contorno de encontro no que poder dialogar coas empresas e expertos europeos no sector de E-health, sobre o modelo de integración e funcionamento óptimo para as APPs e solucións tecnolóxicas desenvoltas como resultado do Plan de Innovación Sanitaria Código 100. Nela tamén participaron representantes das asociacións de pacientes, que achegaron a visión do usuario final.

LIÑA DE TERAPIAS AVANZADAS

XORNADA CONSULTAS MERCADO ESPECÍFICA LIÑA TERAPIAS

Madrid, 24 de abril 2017.

Con esta xornada buscouse dar a coñecer o proxecto Advanced Therapies a empresas biofarmacéuticas, consultoras e tecnolóxicas, as oportunidades de colaboración co fin de intercambiar información

e recibir propostas de colaboración no marco do proxecto Código100. Identificouse Madrid como centro de referencia para as empresas do sector co ánimo de achegarse á oferta tecnolóxica de maneira máis proactiva.

XORNADA BIOPSIA LÍQUIDA

Santiago de Compostela, 26 e 27 de abril 2018.

No proceso de consultas ao mercado observouse un grande interese dirixido cara aos desenvolvedores de tecnoloxías relacionadas coa biopsia líquida, así como tecnoloxías afíns para a detección do cancro de pulmón e páncreas. Dado o interese xerado realizouse unha xornada específica con científicos e empresas expertas para profundar e identificar sinerxias para colaboracións futuras.

LIÑA DE XESTIÓN DE PROFESIONAIS

OBRADOIRO SENSIBILIZACIÓN E BENCHMARK XESTIÓN RR. HH. POR COMPETENCIAS

Santiago de Compostela 21 de abril de 2017.

Na fase de definición inicial, viuse necesario lanzar un grupo de xestión de profesionais baseado en competencias, no ámbito de Código 100 área de Xestión de profesionais. Supuxo a posta en común das boas prácticas analizadas no ámbito da xestión de RR. HH. baseado en competencias. Identificouse, xunto co grupo de traballo, con que inhibidores e facilitadores contaba o Servizo Galego de Saúde para pór a andar este tipo de iniciativas.

MESA REDONDA CON EXPERTOS PARA ANÁLISE DE TENDENCIAS NO ÁMBITO DA APRENDIZAXE SANITARIA

Santiago de Compostela 3 de maio de 2017.

Co obxectivo de validar con tendencias de mercado as necesidades identificadas previamente polos profesionais sanitarios considerouse necesario coñecer a

ETAPA DE DESENVOLVEMENTO

visión de expertos sobre as necesidades dos profesionais do Servizo Galego de Saúde identificadas a partir da plataforma TI SUMAS e participar nun coloquio para debater as conclusións obtidas, onde as empresas achegaron a súa visión e experiencia.

8.2.3

Paso 7. Recollida de solucións innovadoras

A De que se trata?

Unha vez aberta a convocatoria da consulta preliminar ao mercado, todos os usuarios interesados poderán enviar as súas solucións innovadoras ás problemáticas identificadas. O modelo escollido para a recepción das ideas debe respectar os principios de libre concorrència, igualdade, non discriminación e transparencia e estará definido no paso 2.

B Como se fai?

- Recepción das fichas de recollida de solucións innovadoras a través de mail ou utilizando a plataforma web, das entidades ou persoas interesadas en presentar propostas.
- Dar difusión desde as redes sociais do proxecto, mailing, web, xornadas etc, dos aspectos clave da recollida de propostas: prazos para a presentación de propostas, como realizar a presentación de ideas innovadoras, onde dirixirse en caso de ter dúbidas, método de avaliación.
- Facilitar un mail onde os participantes poidan dirixir as dúbidas xurdidas á hora de encher a documentación.

C Canto tempo debería empregar?

- O tempo estimado para a recollida das solucións innovadoras determinarase nos plans de acción xeral e específicos, e variará en función

do alcance do proxecto, podendo ser desde unhas semanas a varios meses.

D Que actores deben intervir?

- Equipo de traballo.
- Oferta tecnolóxica.
- Usuarios.

E Tips a ter en conta para esta actividade.

- Explicar todo o procedemento de recollida de solucións innovadoras na xornada de lanzamento, e resolver dúbidas formuladas polos asistentes. Recoméndase publicar a posteriori as dúbidas formuladas na web, para que teñan un maior alcance.
- Recoméndase elaborar unha infografía que explique o procedemento e darlle visibilidade a través da web do proxecto e redes sociais.
- Debe quedar claro desde un primeiro momento o procedemento de avaliación das propostas que se aplicará durante o proceso das consultas ao mercado, e identificar as persoas que formarán o Comité de avaliación.
- Xerar empatía cos participantes, darlles información oportuna e clara do estado no que está a súa idea para que se sintan parte deste proceso de co-creación.

F Ferramentas

- Anexo 9. Formulario de recollida de información a través de plataforma web.

G Como se fixo en Código 100?

Para a recollida de solucións innovadoras deseñouse unha ferramenta dixital para dar soporte a todo o proceso, descrita no paso 2. Esta ferramenta

facilitou o diálogo directo entre o Servizo Galego de Saúde e empresas para profundar sobre un tema ou establecer entrevistas bilaterais, ao tempo que xerou un fluxo de interacción co usuario e comunicación do resultado de avaliación da solución proposta en tempo real.

O rexistro e o uso desta ferramenta era sinxelo e intuitivo, o que permitiu aos usuarios compartir as súas ideas de solucións innovadoras dunha forma moito máis eficiente.

A ferramenta foi moi ben valorada por parte dos participantes na consulta ao mercado na enquisa final lanzada a todos os participantes, o 88% dos enquisados consideraron que a plataforma web de recollida de solucións innovadoras era sinxela e intuitiva, doada de manexar, e servíalles para saber en cada momento en que fase estaba a súa proposta.

8.2.4

Paso 8. Profundar vixilancia tecnolóxica

A De que se trata?

Unha vez realizada a vixilancia tecnolóxica inicial, detallada no paso 4, se se considera necesario indagar nalgunha área ou campo concreto, débese desenvolver unha vixilancia cun maior grao de concreción.

B Como se fai?

- Selecciona o tema concreto no que se quere profundar.
- Débese recompilar información sobre a necesidade ou o problema actual, a oportunidade que supón, o alcance e os beneficios que podería reportar.
- Pórase en contacto con especialistas na materia ou na área.

C Canto tempo debería empregar?

- Neste exercicio de afondamento non debería empregar máis de 4 semanas.

D Que actores deben intervir?

Equipo de traballo.

Expertos en vixilancia tecnolóxica.

E Tips a ter en conta para esta actividade.

- Acoutar moi ben o ámbito de análise.
- Identificar expertos a nivel internacional que poidan dar información práctica de valor enfocada xa á fase de especificacións funcionais.

F Ferramentas

- Anexo 10. Ficha de experto internacional.

G Como se fixo en Código 100?

En Código 100, paralelamente ao proceso de consultas ao mercado, realizáronse exercicios de vixilancia estratéxica específicos para a liña de profesionais, orientados a identificar novas liñas de formación, por entender que era un ámbito onde a oferta tecnolóxica necesitaba reforzo por parte do Servizo Galego de Saúde.

Este exercicio deu como resultado un documento de **Novas tendencias no ámbito da aprendizaxe sanitaria**. O obxectivo deste documento era o de obter unha recompilación das novas tendencias no ámbito da formación e a xestión do coñecemento, para así coñecer as novas liñas de aprendizaxe que permitiron obter os *insights* necesarios que achegaron valor na elaboración funcional dos documentos previstos para a posta en marcha dos procedementos de licitación.

ETAPA DE DESENVOLVEMENTO

Para consultar documento acceda a <https://codigo100.sergas.gal/Contidos/Documents/30/Tendencias_UnificadasESP.pdf>.

8.2.5

Paso 9. Avaliación de solucións innovadoras

A De que se trata?

Nesta actividade analízanse e tíranse conclusións sobre o interese e pertinencia das ideas recibidas no proceso de consultas ao mercado.

B Como se fai?

- Os membros do Comité de Avaliación deben ter acceso a todas as ideas recibidas.
- Convocar unha reunión do Comité de Avaliación para analizar as propostas recibidas. Se o número de propostas é moi elevado (superior a 25) é recomendable realizar unha avaliación individual por cada membro do comité previa á reunión grupal para axilizar o proceso.
- Aplicar o procedemento de avaliación e clasificar as ideas nos tres estadios:
 - ◊ Interesante e pertinente.
 - ◊ Interesante pero non pertinente (non encaixa no prezo ou prazo coas necesidades da entidade pública).
 - ◊ Non interesante nin pertinente.
- Manter informadas as entidades do estado da súa solicitude, pendente de tramitar, tramitada, avaliada, e agradecer a súa participación e achega ao proceso.

C Canto tempo debería empregar?

- Para realizar a avaliación das propostas deberíanse empregar dúas semanas desde o peche da convocatoria, se o número de propostas é elevado será necesario máis tempo.

D Que actores deben intervir?

- Equipo de traballo.
- Comité de Avaliación.
- Oferta tecnolóxica.

E Tips a ter en conta para esta actividade.

- Os criterios para a avaliación das propostas deben ser homoxéneos entre todos os membros do Comité de Avaliación.
- Incluír perfís con diferentes tipos de coñecemento no Comité de Avaliación.
- Non se deben enviar as avaliacións individuais ás entidades, trátase dunha fase precontractual, non se deben xerar expectativas. A comunicación debe ser clara e homoxénea a todas as entidades participantes, indicando que o proceso concluíu, agradecendo a súa participación e invitando a seguir atentas á publicación de nova información.

F Ferramentas

- Anexo 11. Matriz de avaliación de solucións innovadoras.

G Como se fixo en Código 100?

En Código 100, este paso soportouse a través da ferramenta web. A ferramenta permitiu a categorización das propostas recibidas polo equipo de avaliación. É importante sinalar que na composición destes equipos (un por liña) foron incluídos diferentes perfís: perfil con

coñecementos asistenciais, perfil tecnolóxico, perfil con coñecemento dos procesos que se analizaron.

As propostas foron clasificadas en:

- Interesantes para Código 100.
- Interesantes para outras iniciativas do Servizo Galego de Saúde.
- Non interesantes.

O resultado desta avaliación evidenciou a grande achega de valor do proceso de consultas ao mercado e o nivel de entendemento por parte da oferta tecnolóxica. Recibíronse un total de 215 propostas de 94 entidades, o 73% das propostas considerouse interesante para Código 100, un 19 % interesante para outras iniciativas do Servizo Galego de Saúde e un 8% considerouse non interesante.

O número total de propostas amosa a grande implicación das entidades participantes. As porcentaxes de interese para o Servizo Galego de Saúde amosan a idoneidade e pertinencia do proceso seguido.

8.3 ETAPA DE PECHE

A De que se trata?

Unha vez concluída a análise das propostas recibidas, é necesario facer un peche oficial da convocatoria, realizando os documentos correspondentes e publicando de maneira agregada os resultados obtidos.

B Como se fai?

Para a etapa de peche identificáronse cinco pasos:

- Paso 10. Elaboración do informe de peche de consultas ao mercado.

ETAPA DE PECHE

- Paso 11. Presentación dos resultados das consultas ao mercado.
- Paso 12. Elaboración de documentación para favorecer a colaboración.
- Paso 13. Presentación das licitacións.
- Paso 14. Retroalimentación do proceso.

C Canto tempo debería empregar?

O tempo a empregar para o peche da consulta ao mercado non debería superar os dous meses.

8.3.1 Paso 10. Elaboración do informe de peche de consultas ao mercado

A De que se trata?

Tal e como se indica no artigo 115 da LCSP, unha vez terminado o proceso de consultas ao mercado, débese «elaborar un informe das actuacións realizadas. No informe relacionaranse os estudos realizados e os seus autores, as entidades consultadas, as cuestións que se lles formularon e as respostas ás mesmas. Este informe estará motivado, formará parte do expediente de contratación, e estará suxeito ás mesmas obrigacións de publicidade ca os pregos de condicións, publicándose en todo caso no perfil do contratante do órgano de contratación».

B Como se fai?

- Iniciar o informe cunha breve introdución onde se explique o contexto do proxecto. Débense indicar as bases polas que se rexe a consulta e toda a información relativa ao procedemento e transcurso do mesmo.
- Explicar o procedemento empregado nas consultas ao mercado: publicación, lanzamento de convocatoria, xornadas e obradoiros, duración da consulta,

ETAPA DE PECHER

consultas formuladas polos participantes, número de solucións innovadoras recibidas, ferramentas empregadas.

- Amosar os datos agregados obtidos da consulta ao mercado.
- Incluír o nome das empresas participantes, sempre baixo o seu consentimento, dado que o documento será público.
- Validación formal das propostas, incluír as características das propostas, número de propostas completadas ao 100%, número de propostas que anexan información complementaria, número de propostas consideradas interesantes e pertinentes para o proxecto, interesantes, pero non pertinentes, non interesante nin pertinente.
- Aspectos innovadores das propostas recibidas, tempo de execución global das propostas, espectro de presuposto das propostas.
- Elaborar conclusións do proceso.

C Canto tempo debería empregar?

- Unha vez analizados os datos da consulta, a elaboración do informe non debería ser superior ás dúas semanas.

D Que actores deben intervir?

- Equipo de traballo.

E Tips a ter en conta para esta actividade

- Non elaborar un documento moi extenso entrando en demasiados detalles.
- Elaborar unha estrutura sinxela de documento e doada de seguir, por exemplo: introdución, procedemento de consultas ao mercado, participantes na consulta, conclusións.

- Darlle difusión a través dos medios empregados na consulta ao mercado.

F Ferramentas

- Anexo 12. Índice de informe de peche de consultas ao mercado.

G Como se fixo en Código 100?

No Plan de Innovación Sanitaria Código 100 non se realizou o informe de peche de consultas ao mercado tal e como se describe neste apartado. Isto débese a que non lle aplica o disposto no artigo 115.3 da LCSP «3. Cando o órgano de contratación realízase as consultas ás que se refire o presente artigo, fará constar nun informe as actuacións realizadas. No informe relacionaranse os estudos realizados e os seus autores, as entidades consultadas, as cuestións que se lles formulou e as respostas ás mesmas. Este informe estará motivado, formará parte do expediente de contratación, e estará suxeito ás mesmas obrigas de publicidade ca os pregos de condicións, publicándose en todo caso no perfil do contratante do órgano de contratación» porque no momento de entrada en vigor da nova LCPS o proceso de consultas ao mercado de Código 100 finalizara, sendo o seu lanzamento o 14 de setembro de 2016 e materializándose as conclusións coa publicación e presentación das fichas de avance e do mapa de demanda temperá das licitacións CPI realizado a 12 de xullo de 2017.

8.3.2

Paso 11. Presentación dos resultados das consultas ao mercado

A De que se trata?

Isto último refírese a presentar a documentación coas conclusións xerais ás que se chegou a través do proceso de consultas ao mercado, así como os números en termos globais, a cantidade de ofertas

recibidas, a procedencia das ideas con respecto ao tipo de organización, xeografía e a demais información que se considere importante incluír, sempre e cando non estea en contra da confidencialidade, transparencia e igualdade de condicións para os participantes.

B Como se fai?

- Elaborar a Ficha **de avance**, trátase do documento resultante tras realizar a consulta ao mercado, despois de obter as respostas da oferta, avalialas e recoller os detalles e características daquelas solucións que mellor encaixan para resolver o problema/necesidade identificada pola entidade pública. O seu obxectivo é plasmar e explicar á oferta tecnolóxica que elementos foron considerados de interese na consulta ao mercado e cara a onde se orienta a solución que desexa adquirir a entidade pública para dar solución á necesidade/problema/opportunidade identificada. Trátase dunha versión da «Ficha de necesidades preliminar» cun contido mellorado e ampliado.
- Elaborar o **Mapa de Demanda Temperá**, trátase dun instrumento que permite anticipar ao mercado as intencións de contratación da Administración, e por tanto facilita información valiosa ás empresas para as futuras licitacións. Debe ser un documento claro, no que apareza como mínimo o nome ou acrónimo, unha breve descrición da necesidade e o presuposto estimado.
- Amosar os datos agregados obtidos da consulta ao mercado. Definir a información agregada que se desexa publicar da convocatoria, é habitual presentar o seguinte:
 - ◊ Número total ideas recibidas.
 - ◊ Proporción de ideas recibidas por tipo de organización (empresas, universidade, centros de investigación, persoa física, institución pública).
 - ◊ Proporción de ideas recibidas por tamaño de organización (startup, pequena, mediana, grande empresa ou organización).
 - ◊ Proporción de ideas recibidas por xeografía (nacional e internacional). Pódese presentar tamén a proporción a nivel nacional por provincias, achegará unha visión rápida do interese xerado e da situación das tecnoloxías.
 - ◊ Proporción de ideas recibidas por sector, isto facilita ver a apertura da convocatoria e a innovación que facilita en diferentes sectores, que, nalgúns ocasións, non son considerados desde o inicio.
 - ◊ Proporción de ideas que foron consideradas interesantes e pertinentes e aquelas que foron descartadas.
- Utilizar as canles de información empregadas ao longo do proxecto para publicar e informar dos seguintes pasos da convocatoria.
- Organizar unha xornada na que amosar os resultados e resolver as posibles dúbidas.

C Canto tempo debería empregar?

- Para a elaboración da documentación dos resultados necesitarase un máximo de dúas semanas.

D Que actores deben intervir?

- Equipo de traballo.
- Equipo de comunicación da entidade pública.

E Tips a ter en conta para esta actividade.

- A información débese plasmar dunha maneira visual, concisa e clara, trátase de elaborar un documento de doada comprensión.

ETAPA DE PECHE

- Xerar unha batería de indicadores a partir dos datos recollidos que nos permitan comparar resultados de futuras consultas preliminares ao mercado realizadas pola entidade pública, así como coas doutras entidades públicas nacionais ou internacionais.

F Ferramentas

- Anexo 13. Documento tipo. Índice ficha de avance.
- Anexo 14. Documento tipo. Campos a cubrir nun mapa de demanda temperá
- Anexo 15. Documento tipo. Índice documento presentación de resultados.

G Como se fixo en Código 100?

En Código 100, unha vez realizada a avaliación das propostas recibidas, elaboráronse as fichas de avance e o mapa de demanda temperá. En concreto, elaboráronse tres fichas de avance, unha por cada liña de actuación e un mapa de demanda temperá onde se recolleron as contratacións previstas cun presupuesto orientativo das tres liñas.

No relativo á difusión, o 12 de xullo de 2017 realizouse unha xornada de presentación dos resultados do proceso de consultas ao mercado. Na xornada presentáronse os principais resultados (n.º de propostas recibidas, n.º de empresas participantes, sector, procedencia...), **as fichas de avance e o mapa de demanda temperá**.

Ademais da xornada, os documentos foron publicados na web do proxecto e déuselles difusión a través das redes sociais.

Para consultar anexo de documento de resultados da consulta ao mercado acceda a https://codigo100.sergas.gal/Contidos/Documents/34/ANEXOProceso_consultas_mercado.pdf.

Para consultar as fichas de avance acceda a:

- Empoderamento de pacientes

<<https://codigo100.sergas.gal/Contidos/Documents/25/Ficha%20de%20avance%20empoderamientoESP.pdf>>.

- Terapias avanzadas

<<https://codigo100.sergas.gal/Contidos/Documents/26/Ficha%20de%20avance%20terapiasESP.pdf>>.

- Xestión de profesionales

<<https://codigo100.sergas.gal/Contidos/Documents/24/Ficha%20de%20avance%20profesionales.pdf>>.

Para consultar o mapa de demanda temprana acceda a <<https://codigo100.sergas.gal/Contidos/Documents/22/Mapa%20de%20demanda%20temprana%20actualizado.%20cast.pdf>>.

8.3.3

Paso 12. Elaboración de documentación para favorecer a colaboración

A De que se trata?

Xerar documentación ou implementar iniciativas que faciliten o achegamento de axentes da oferta tecnolóxica para propiciar un ambiente de colaboración que mesmo poida resultar en unións para presentar ofertas conxuntas ou en colaboración unha vez se abraise o procedemento de contratación.

B Como se fai?

Pórse en contacto vía telemática explicando o obxectivo do documento e as necesidades da oferta tecnolóxica.

- Elaborar uns formularios a cubrir pola oferta tecnolóxica, onde a compañía decida que información quere que se faga pública.
- Dividir o formulario en dúas partes, unha primeira con información sobre a compañía (nome, razón social, enderezo, teléfono, persoa de contacto, resumo do *core* do negocio etc.) e unha segunda parte onde se describa a solución innovadora dunha maneira xeral sen detallar tecnoloxía nin os factores diferenciais.
- Incluír no documento o consentimento para a publicación dos datos da compañía e a solución innovadora.

C Canto tempo debería empregar?

Para a recompilación da información necesaria, así como estruturar o documento, serán necesarias de dúas a tres semanas.

D Que actores deben intervir?

- Equipo de traballo.
- Oferta tecnolóxica.
- Usuarios.

E Tips a ter en conta para esta actividade

- Estipular un máximo de caracteres para cada un dos campos a cubrir pola oferta tecnolóxica e así unificar criterios entre os participantes.
- Establecer un proceso de autorización e consentimento por parte das entidades participantes.
- Fixar unha data límite para o envío da información.
- Facer especial mención en que a información reportada será de dominio público.

F Ferramentas

- Anexo 16. Documento tipo. Folla de recollida de información.

G Como se fixo en Código 100?

Desde o proxecto Código 100 considerouse interesante a elaboración dunha **Guía de Iniciativas Empresariais de Solucións Innovadoras**, esta elaborouse coa finalidade de lograr dous obxectivos, por un lado ofrecer unha maior visibilidade ás empresas que participaron na etapa de consultas ao mercado do Plan de Innovación Sanitaria Código100; e, por outro, incrementar a súa cooperación ao facilitar posibles asociacións entre elas ao dar a coñecer as actuacións que propoñen para dar resposta ás necesidades formuladas polo Servizo Galego de Saúde para a liña de empoderamento de pacientes. Neste documento recollíanse aquelas empresas que, por un lado, participaron na consulta ao mercado, e deron o seu consentimento para formar parte do documento. A Guía divide a información recollida para cada unha das empresas en dúas partes; presentación da compañía e explicación da proposta presentada para cada liña de actuación.

Para consultar a *Guía de Iniciativas Empresariais de Solucións Innovadoras* acceda a <<https://codigo100.sergas.gal/Contidos/Documents/28/Gu%C3%A1-Da%20de%20iniciativas%20empresariales%20de%20soluciones%20innovadoras.pdf>>.

8.3.4

Paso 13. Presentación das futuras contratacións

A De que se trata?

Trátase de facer a publicación oficial das contratacións previstas, tendo en conta o tipo de CPI e de proceso de contratación que se escollese para o proceso.

ETAPA DE PECHER

Tal e como se indica no artigo 70 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público «*os pregos débense elaborar tendo en conta os resultados das consultas ao mercado. É importante destacar que non se poden concretar as características para que só exista un único provedor ou se incumpla o principio de igualdade de trato*».

B Como se fai?

- Decidir o número de contratacións que se van desenvolver e trasmitilo ao mercado.
- Seleccionar os procedementos de contratación. Coa información obtida na consulta ao mercado pódese determinar cal é o procedemento de contratación máis axeitado a cada caso.
- Débese considerar o carácter de cada procedemento, é dicir, se será a nivel nacional ou internacional.
- Recoméndase realizar unha xornada na que se expliquen as contratacións previstas e os procedementos de contratación e tipo de CPI.

C Canto tempo debería empregar?

Para a presentación das futuras contratacións serán necesarias arredor de tres semanas, incluíndo a organización dunha xornada para a súa explicación.

D Que actores deben intervir?

- Persoa da área xurídica do equipo de traballo e persoal clave da área.
- Persoal de contratación.
- Equipo de traballo.
- Expertos temáticos.
- Área de comunicacións.

E Tips a ter en conta para esta actividade.

- Realizar unha correcta difusión e publicación da convocatoria e asegurarse de chegar a aqueles que participaron no diálogo técnico e a fase precontractual do proceso para que coñezan a apertura do proceso.
- Dar a opción de que a oferta tecnolóxica formule todas as dúbidas que lle xurdan das novas licitacións.

F Ferramentas

- Anexo 17. Orde do día Xornada de presentación de licitacións Código 100

G Como se fixo en Código 100?

En Código 100 realizouse un adianto ao mercado das intencións de contratación a través da publicación do mapa de demanda temperá e as fichas de avance, polo que nesta fase se concretaron as intencións a través dos pregos.

O día 18 de setembro de 2018, realizouse a **Xornada de presentación de novos pregos de contratación pública** (<https://codigo100.sergas.es/Contidos/XornadaPregos>), o acto durou unha mañá e distribuíuse en tres mesas, onde explicaron os pregos de cada unha das liñas de actuación á oferta tecnolóxica.

Na xornada tratáronse os aspectos xurídicos e procedementais das novas licitacións, así como, diferentes profesionais sanitarios trasladaron de primeira man á oferta tecnolóxica cales eran as necesidades a resolver mediante as licitacións formuladas.

O 19 de decembro de 2018, realizouse un **Café-networking pregos liña de Terapias Avanzadas** (<https://codigo100.sergas.es/Contidos/Caf%C3%A9-Networking-C%C3%B3digo100>), tratouse

EN QUE ÁMBITOS BUSCA INNOVAR O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE?

Terapias Avanzadas

Búscase a incorporación ao sistema público de saúde de novas terapias que posúen o potencial de adaptar o tratamento ca mellor resposta e a maior marxe de seguridade para garantir un mellor coidado do paciente tendo en conta as súas características individuais e patolóxicas.

200.255,00 € AI

Dispositivo multicante para a resección avanzada de tumores rectais mediante endoscopia flexible e cirurxía endoscópica transanal.

Procedimento: Asociación para a innovación

499.998,62 € AI

Test multimarcador que permita a caracterización molecular de tumores de pacientes con cancro de pulmón no microcítico mediante secuenciación masiva de nova xeración (NGS).

Procedimento: Asociación para a innovación

600.000,00 € CPTI

Desenvolvemento e fase de demostración dun sistema de axuda á detección de diversas patoloxías (CADIA) baseado na análise de imaxe con técnicas de intelixencia artificial.

Procedimento: Diálogo competitivo

1.250.000,00 € CPP

CPP Lote 1 Biopsia Líquida: Solucións para detectar material tumoral en fluídos biolóxicos en estadios tempráns, detección de enfermidade mínima residual, pronóstico, selección de terapias, monitorización da enfermidade a resposta ao tratamento de distintos tipos de cancro.

Procedimento: Contratación precomercial

500.000,00 € CPP

CPP Lote 2 Enfermidades neurolóxicas: Biomarcadores diagnósticos en enfermidades neurolóxicas.

Procedimento: Contratación precomercial

500.000,00 € CPP

CPP Lote 3 Enfermidades reumatolóxicas: Biomarcadores diagnósticos en enfermidades reumatolóxicas.

Procedimento: Contratación precomercial

Profesionais

Búscase a planificación estratéxica da formación e o coñecemento da organización, detectar de forma temperá o talento existente en base a competencias e a harmonización da produción científica e investigadora

1.258.400,00 € CPTI*

A realización do servizo de desenvolvemento e validación dunha plataforma tecnolóxica que permita desenvolver as actividades asociadas á xestión do coñecemento unha organización sanitaria.

Procedimento: Aberto

1.808.950,00 € CPTI*

O desenvolvemento dun sistema de xestión de profesionais orientado á xestión por competencias que achegue innovación.

Procedimento: Aberto

173.000,00 €

Realidade virtual lote 1: Deseño e desenvolvemento dunha solución virtual formativa para o recoñecemento do ICTUS.

Procedimento: Licitación con negociación

173.000,00 €

Realidade virtual lote 2: Deseño e desenvolvemento dunha solución formativa e de adestramento virtual da respiración para a mellora na precisión nos tratamentos de radioterapia e probas de imaxe.

Procedimento: Licitación con negociación

Empoderamento

Búscase converter o paciente nun axente fundamental para a autoxestión da súa enfermidade e a mellora dos seus propios resultados de saúde.

580.800,00 € CPTI

Desenvolvemento e fase demostración do sistema plataforma de historia clínica personal PHR para a autogestión da enfermidade e empoderamento de pacientes.

Procedimento: Licitación con negociación

484.000,00 € CPTI

Desenvolvemento e fase de demostración dunha solución intelixente que facilite as tarefas do paciente para o autocontrol da diabetes.

Procedimento: Licitación con negociación

605.000,00 € CPTI

Desenvolvemento e fase demostración dun sistema de asistente personal (AVATAR) e un xenerador de alertas intelixentes que aumente a autonomía do paciente.

Procedimento: Licitación con negociación

399.999,38 € CPTI

Desenvolvemento dunha plataforma de homologación de apps e contidos para autoxestión da enfermidade e empoderamento de pacientes.

Procedimento: Diálogo competitivo

726.000,00 € CPTI

Desenvolvemento dunha plataforma de xestión da relación cos usuarios, sistema CRM para pacientes.

Procedimento: Licitación con negociación

dun encontro informal coa oferta tecnolóxica, onde se profundou nos procedementos de contratación das licitacións da liña de Terapias Avanzadas, prestando especial atención na Compra Pública Precomercial e a Asociación para a Innovación.

8.3.5 Paso 14. Retroalimentación do proceso

A De que se trata?

Unha vez finalizadas as consultas preliminares ao mercado, é importante designar un método de control do proceso, no cal os métodos empregados e os resultados obtidos son suxeitos ás valoracións dos

participantes co obxectivo de controlar e optimizar o proceso.

B Como se fai?

- Débese elaborar unha enquisa onde se avalíen todos os aspectos da consulta, (proceso de consultas ao mercado, impacto da participación na definición de necesidades, valoración do método de recollida das solucións innovadoras...).
- Débese dedicar un tempo á elaboración do modelo de enquisa, así como ás súas posibles respostas e os posibles resultados que se queiran obter. Debe ser un documento breve e sinxelo, débese tentar tirar a maior información posible.

ETAPA DE PECHE

- Realizar una base de datos con todos los agentes que hayan interferido en la consulta al mercado (usuarios finales, empresas, centros tecnológicos, profesionales...).
- Realizar un envío a través del mail habilitado en el proyecto a todos los agentes, dónde se explique el porqué de la encuesta y agradeciendo su colaboración en el proceso.
- Realizar difusión a través de redes sociales de la encuesta si se considera necesario.
- Se debe dejar claro la confidencialidad de las respuestas obtenidas y cómo serán empleados los datos y los resultados.
- Si se considera pertinente, realizar entrevistas a los participantes.

C ¿Cuánto tiempo debería emplear?

- Para la elaboración, lanzamiento de la encuesta y recopilación de los datos, se necesitarán sobre unas cuatro semanas.

D ¿Qué actores deben intervenir?

- Equipo de trabajo.
- Agentes participantes en la consulta al mercado.
- Área de comunicación.

E Tips a tener en cuenta para esta actividad

- Antes de iniciar la encuesta, se debe agradecer la participación e informar al usuario de la importancia de sus respuestas y para que serán empleadas estas. Al finalizar la encuesta se debe agradecer nuevamente la colaboración.
- Se recomienda realizar una encuesta diferente para los distintos tipos de usuarios que hayan participado en la consulta al mercado, por ejemplo,

una para asociaciones y ciudadanía y otra para la oferta tecnológica.

- Se recomienda dejar un apartado libre para que los usuarios puedan acercar sus propuestas de mejoras para futuras consultas al mercado.
- Las encuestas deben ser fáciles de cumplimentar y no demasiado largas, se deben planificar bien las respuestas que se quieren obtener para elaborar las preguntas.
- Se recomienda facilitar las respuestas a las preguntas a modo de valoración, por ejemplo, muy útil, útil, poco útil, nada útil, y dejar un espacio en blanco para los comentarios que se quieran añadir, así cumplimentar la encuesta será más sencillo y rápido.

F Herramientas

- Anexo 18. Formulario de encuestas a asociaciones de pacientes en el proyecto Código 100.

G ¿Cómo se hizo en Código 100?

En Código 100, tras el proceso de consultas al mercado, y con el objetivo de seguir mejorando de cara a futuras iniciativas, fue de gran importancia preguntarles a los principales agentes participantes en el proceso, cómo lo han vivido.

